

NOTA INFORMATIVA

Asunto: FACTURA ELECTRÓNICA

Os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos ao concello de Soutomaior, poderán expedir e remitir factura electrónica a partir do 15.1.2015 nos termos previstos na lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, en base á entrada en vigor, con data 15 de xaneiro de 2015, do seu artigo 4, sobre obrigas de presentación de factura electrónica, prevista na disposición final oitava da citada norma.

En todo caso, quedan obrigados ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Soutomaior as entidades ás que fai referencia o artigo 4º da citada norma (entre outros, as Sociedades anónimas; Sociedades de responsabilidade limitada; Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española; Unións temporais de empresas) respecto das facturas polo importe superior a 5000 (cinco mil) euros, impostos engadidos.

A estes efectos, os códigos DIR3 do Concello de Soutomaior, indispensables para a remisión de todas as facturas electrónicas deste concello, establecidos por resolución de alcaldía núm. 467/14 de 17/12/2014 son:

- Código oficina contable (OC): L01360530
- Código órgano xestor (OG): L01360530
- Código unidade de tramitación (UT): L01360530

O que se comunica para xeral coñecemento dos contratistas do concello para o seu coñecementos e efectos.

Soutomaior, a 15 de xaneiro de 2015
O ALCALDE